

A ROSA TERRA

IDEARIVM
DAS



ANO XII

N. 247

1.º de Abril de 1923

CAMILLO DIAZ

BANCO PASTOR

A NOSA TERRA

Casa fundada
en 1876

Capital suscrito,

17.000.000

Capital desembolsado,

8.500.000

A CRUÑA - VIGO - LUGO - OURENSE - FERROL - VIVEIRO - SARRIA - MONFORTE - TUY - ESTRADA
CARBALLO - MUXÍA

ZINCKE HERMANOS

LIBREIRÍA

PAPELEIRÍA

IMPRENTA

Cantón Grande, 21 -- Estrella, 37

A CRUÑA

PAULINO FREIRE
BOUZAS — VIGO

Sucursaes: na Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa Aparellos armados e en panos, para barcos pesqueiros. Malletas de abaca e cáñamo alquitranado-Cables de aceiros, ingleses Aceites xenerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca.

SANTA LUCÍA, 26 e 28

A CRUÑA

A superioridade dos CALZADOS SENRA

abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais
o procedere d'unha industria galega,

HONRA DA NOSA REXIÓN

obriga á non gastar outros á cantos sinten amor pol-a sua Terra

Fábrica: Avenida da Granxa -- A CRUÑA

DESPACHOS: Cantón Grande, 15 - A CRUÑA -- Real, 110 - FERROL, - Príncipe, 9 - VIGO

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36 - 1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XII



1.º de Abril do 1928



Núm. 247

UN IRMÁN ILUSTRE



O doutor Puente Castro, honra da gloriosa escola de Medicina compostelán, ciruxano eminente, de mán de ferro e corazón d'ouro, que conta co fondo agarimo de todol-os militantes do galeguismo

MEU PROBE AMIGO

Non era mal rapaz. Sempre levaba as botinas reloçentes, pranchaba o pantalón entr'os colchós, e tiña fé na cativa filosofía do libro de Dereito Natural. Cando chegou á pousada tivo un desacougo ollando o chan de ladrillos do coarto: coidou que ó meteran n'unha cociña deixada. Mais deseguida s'afixo. Encarregou na rua da Cruz un gabán azul que lle durou moitos anos e c'o que facía bô papel n'un portal da *Carrera*. Nos raiolantes sólpores paseiaba pol-o Retiro escoitando con lediza o longo trono que facían ó lonxe coches e tranvías. Apalpábase con legría coma pra se convencere d'estar en Madrí ben afastado dos trollos de Galiza. Como tiña algunhas aficiós literarias e un respeito de nacementa pol-as Academias gostaba dos mármores e dos buxos do *Parterre* onde o chán tén tona de cemiterio. Sentíuse grorioso ó saber que por alí alancaba D. Armando Palacio Valdes. Soilo que o fidalgo asturiano ía pol-a mañán.

Fai pouco atopeino n'un viaxe en auto de viaxeiros. Tiña as tempas brancas e ollaba con disgusto os paisanos acugulados na entrada xeneral do coche. Falóume do seu vivir co isa confianza que somentes se mantén entr'os condiscípulos. Dend'a morte da sua nai tiña que pasálas negras pra botar unha tempadiña en Madrí. Namentras viviu a velliña ela coidaba dos eidos, aforraba as rendas, entendíase c'os paisanos. Agora sentíase desfeito, cangado, pechados os hourizontes que se maxinara diant'un espello lixado do café da Porta do Sol. Non quixera encobarse en vida sendo notario ou rexistrador n'un triste pobo; il nacera pra letrado do Consello de Estado ou d'unha Direución xeneral. Decorréranlle os invernos ollando pa-

sar os coches qu'il gabábase desaber de memoria e lembrando algunha isolada esmorga na *Cuesta*. Agora tiña que demorar na aldeia e tremaba diante a chegada das noites crecedeiras. Non aturaba os rachados ouveares dos cáns nin as fantasías da neboeira nos piñeirales. Á lus do quinqué, canso das latriçadas dos caseiros somentes se consoaba un pouco repasando a sua coleución de capicúas do tranvía e dos farrapiños marelos e roxos das Festas da Frol. Cando chegamos diant'o camiño da sua aldeia botou pol-a paisaxe unha ollada angusteosa. Alí quedou na carretera afundido n'un mistereo temeroso. Figuróuseme vestido c'o seu gabán azul de señorito.

Meu probe amigo sofre moito e tēño pena por il. É bon e ten intelixencia d'abondo. Mais coma moitos paisanos nosos —cada vegada amingoa, por fertuna pra iles, seu número— é vítima d'nnha falseira educación social adequirida nos primeiros anos do novecentos na idade críteca de entrar na Universidade. Aquil primeiro inverno detremiñoulle o sino do vivir. Considerouse sadisfeito demasiado cedo. O norte do mundo non é o Guadarrama nin o sul o cerro de S. Brais. Si fora perdulario ou ambicioso quizais se tivera salvado. A *malaria* da Corte escolle as suas vítimas nas virtús meias, tépedas, sen coor nin persoalidade.

Si eu tivera infruxo sobre d'il mandaríalle que se non movera da aldeia n'un ano enteiro. De fixo non morría, e outra primaveira agromaría pra il chea de seguranzas do futuro. Pois Galiza é nai e gusta de curar as feridas dos fillos mais tristeiramente doentes de ingratidade.

R. OTERO PEDRAYO

X. CALVIÑO DOMÍNGUEZ

ABOGADO-PROCURADOR

CANTÓN PEQUENO, 1-(OFICINAS)

Teléfono, 581.

A Cruña.

POLÍTECA DO NOSO TEMPO

II

INSISTO

Tiña mentes de tratar xa d'outra cousa, mais n-esto vín un artigo d'un escritor portugués moi dino d'estimanza, Raul Proença, no que comenta á favor, o libro confusionario e descaradamente sofisteco do francés Julien Benda titulado *La trahison des Clercs*, do qual xa falou n-estas páxinas Ramón Otero Pedrayo, tratándoo c'un respecto que non merez.

Eu non lle hei gastar tanta cortesía; agora non podó faguer mais que atacar en bloco, pro mais adiante hei escribir un traballo longo pra denunciar os sofismas de Benda. Porque *La trahison des Clercs* é un libro escrito contra o nazionalismo e contra a política, con ideas imitantes ás do mais treidor dos *clerics*: o distinto colaborador de A B C, Sr. d'Ors. Pol-o tanto, Raul Proença é quen ten as culpas de que eu insista hoxe no tema do mes pasado: *Nazonalismo e Internazonalismo*. Ben é certo que, o mes pasado tratei iste asunto por un lado soilo, e hai outros moitos lados por onde enxergalo, non esquecendo nunca que é un asunto de Dereito público e de Dereito de xentes, poñamos: de Dereito Natural. Tamén é un asunto de política, porque a política é o servizo aitivo do Dereito.

Benda, un intelectualista que consigueter sona queréndolle tirar o creto a Bergson, rifa cos inteleituás—os *clerics*, os homes de letras—porque non defenden a universalidade do espírito contra o particularismo de partido, de clás e de nazon. O primeiro sofisma é a postulacón, d'un espírito universal (petición de principio). Cumpriría probar primeiro: a) que eisiste un espírito universal humán; o qual áchase contradito pol-os feitos: todos recoñecen pol-o menos unha mentalidade oucidental, unha mentalidade asiática, aínda unha mentalidade american... ou b) que si non eisiste, sería ben que

eisistira; e conceder esto, sería conceder que é millor que a creación espiritual seña menos rica do que hoxe é, o qual é absurdo; e c) qual dos espíritos debe trunfar, o asiático ou o oucidental, por eixemplo, e por qué razóns, no qual o xuzgador sería, crar'está, xuez e parte.

Contra iste absurdo, sostemos nós que todol-os espíritos, total-as mentalidades, total-as maneiras de ver as cousas, total-as conceicións do mundo de todol-os pobos—por opostas que señan á nosa—teñen igoyal dereito á vida, e que é precisamente, no senso espiritual, en canto criadora de cultura orixinal, autóctona e diferenciada, pol-o que unha nación é suxeto de dereito. E o xénero humán igoyal se gaba de Confucio que de Descartes, de Valmiki que d'Homero, de Einstein que de Mahatma Gandhi.

Benda, confusionario de mala fé, ataca en feixe a paixón política, a loita de clases, o nazionalismo, a política antiliberal, que son cousas distintas, que responden a difrentes liñas de pensamento, e non teñen de común mais que a coexistenza histórica no instante presente (sofisma d'interrogación).

Tocantes ó nazionalismo, comete duas fallacias ben craras: confúndeo dende logo co imperialismo (*fallacia divisionis*)—e atácao pol-os seus excesos (sofisma d'accidente). Crar'está que cando pra falar de nazionalismo se cita a Maurras e a Mussolini, nós nonos podemos dar por aludidos... En Mussolini, por eixemplo, non se trata propiamente da Nación, senón do Estado: o fascismo non é tanto o sentimento da patria italiana, que decía hai pouco n-unha carta Ettore de Zuani, senón mais o sentimento da *posesión do Poder público* (imperialismo) por un partido; a Francia de Maurras é unha gran potencia imperial e colonial. Eso non é nazionalismo, ó menos, a tal e como nos o entendemos.

En canto unha nación rebasa as suas fronteiras naturás, e quer impôr alén o seu poder, mesmo a sua cultura, en canto d'al-

gún xeito quer *dominar*, alí acaba e remata o nazionalismo, e comenza o seu contrario: o imperialismo. O patriotismo nazionalista detense nas fronteiras da terra natal, e mais alá, é somentes respecto á soberanía e á independencia allea, cultural e política. O patriotismo nazionalista non é *agresivo*: é *defensivo*, e non escriue ningunha colaboración internazonal. Julien Benda confunde lamentabelmente dúas cousas tan craras, tan nidamente opostas, e semella que Raul Proença tamén. Láyome do portugués, non do francés; a mentalidade francesa é por veces espantavelmente estreita, aínda cecais cando máis ampla quer semellar: véxase o caso de Romain Rolland, ou do mesmo Anatole France.

Tampouco o noso nazionalismo vai cair nos excesos en que Julien Benda basa o seu sofisma. Todo nazionalismo defensivo fúndase n-un senso estricto e celoso da xustiza, e senón lémbrese o *Sinn Fein*. Lonxe de nós a idea de Maurice Barrés de que: «mesmo que a Patria non teña razón, debemos darlla»; mais isto é aínda un sofisma: o amor e o servizo da Patria, non é a obediencia cega ós gobernós ou ós istintos das greas, non é odio ó estranxeiro. O amor e o servizo da Patria é a concencia crara dos seus destiños, o senso do deber e da responsabilidade d'un pra co-ela, o valor pra acometer o seu

erguemento e o desexo de que obteña a considerazón e o interés das Patrias alleas.

Compre repetir estas ideas, tan sinxelas, tan doadas e tan sabidas, cando hai homes que decíndose defensores da craridade do pensamento, escriben libros cheos de confusión e d'intención retorta, violando todol-os principios lóxicos.

Que hai no fondo de todo? Pois hai nin mais nin menos, que iste libro en que se fala contra os odios nacionás, está feito escrivamente por odio á certas concrusiós característecas da ciencia xermánica... Fala contra a política: pois é un libro político, que leva a política ó mundo do pensamento. Esta contradizón de Benda, ven aínda ó meu favor: «A política—dicía eu o mes pasado— é o nó vital, o centro de forza da vida dos pobos; todol-os demais esforzos: ciencia, arte, educazón, xustiza, traballo, n-ela van dar cando van endereitados como Deus manda; cand'ises esforzos non poden ter unha utilizazón política, son traballo perdido»... E veleiqui temos a proba. Benda, anque non seña coma manda Deus, fai politeca filosófica. Trátase de combater o pensamento alemán. Moito universalismo, moitos principios abstratos, e nō fondo non hai mais qu'un francés enrabechado...

VICENTE RISCO

NO CIRCO DE ARTESANOS

UNHA CONFERENCIA DE OTERO PEDRAYO

Orgaizada pol-a «Universidade popular Coruñesa» e pol-a «Irmandade da Fala» o noso querido irmán e colaborador Ramón Otero Pedrayo pronunciou unha fermosa conferencia encol de Curros Enríquez, como lembranza pol-o vixésimo aniversario da sua morte, no salón do Circo de Artesanos.

O anuncio da vida á Cruña de Otero Pedrayo tiña despertado un intrés grande entre a intelectualidade cruñesa que sabe da admirabile labor literaria que o querido irmán

está realizando e do seu outisimo e revelante posto na literatura galega actual.

Os mesmos orgaizadores arelaban a ocasión de poder ouvir a Otero Pedrayo e do mesmo intrés participábamos os galeguistas da Cruña que aínda non tivéramos a dita de ollal-o manifestarse en ningún aito semellante.

Por eso o salón do Circo estaba o día da conferencia, o 10 de Marzal, completamente

ateigada de púbrico intelixente e cobizoso de ouvir a Otero Pedrayo.

Este foi presentado por Antón Villar Ponte que deu lectura ás cuartillas que a seguido transcribimos integras con ouxeto de que os nosos lectores non perdan o intrasante traballo do querido irmán. Védeo eiquí:

«É de moito intrés este acto que organiza a Universidade Popular, d'acordo co'a «Irmandade da Fala», fomentadora do cultivo do noso idioma, e asistida da colaboración de presenza—que moito agradecemos—da Real Academia Gallega, do Concello da Cruña, do Instituto de Segundo Enseño, do veterano e popular «Circo d'Artesauos» e do Instituto de Estudos Gallegos.

Trátase d'un acto que é ao mesmo tempo cultural e patriótico, no que se vai falar de poesía e no que vai a se lle rendir novo homenaxe a Curros Enríquez en lembranza do vinte aniversario da súa morte.

Ramón Otero Pedrayo—un dos varios Ramóns que actualmente enriquecen o patrimonio da cultura galega—é o encargado de alcender hoxe o lume sagrado no lar enxebre das nosas almas. Chega d'Ourense, da esgrevia vila berce e niño de homes de pensamento, d'homes de sentimento e de acción facendo un verdadeiro sacrificio, para falar-nos inda sin ter podido sacodírese o pó do viaxe, de cousas da terra e de cousas de Curros. Solo a fe que deita no seu apostolado ha de lle permitire vencer o cansancio que moitas longas horas de tren producen. Porque dend'a estación, sin acougo cáseque veu a ocupar esta prestixiosa tribuna. Saudemos pois n'il un dos homes mais repersentativos da intelixencia galega e da tradicional xenrosidade ourensana. A terra ourensana onde naceu Curros e a terra cruñesa, ond'as suas cinzas repousan, unha vegada mais confúndense n'unha mesma arela de patriotismo e cultura.

Eu dígovos, amigos e irmáns, qu'en poucas ocasións me teño erguido n'este posto co'a inteira ledicia de que hoxe me sinto poseído; porque á quen hoxe teño o honor de vos presentare é un dos galegos de mais grande valimento que coñecín. De gala teñase que vestir hoxe esta tribuna. Vades ouvir por vez primeira eiquí, a Ramón Otero

Pedrayo. Non sei si estará mais ou menos feliz na súa parola, que elo como sabedes depende de moitas cousas. Pro a min o conferenciante d'esta noite, non é o que mais me interesa. A min impórtame o pensador galego de todol-os días o ensayista enxebre, o novelista admirabel, o poeta requintado, o home de cencia fondo, o gran polígrafo—que isto por riba de todo é Otero Pedrayo—dino sucesor d'aqueles ourensanos ilustres que se chamaron os P. P. Feixó e Sarmiento e que laboura, pensando com'a Curros, que a lingua galega, a nosa doce e vizosa lingua, nazarenò das linguas, debe perfeccionarse e debe universalizarse.

El é da terra onde non pode haber corazóns frios porque hastra a i-auga xorra quente; da terra das vendimas paganas dos cultos báquicos e dionisiacos, ond'a musa das aldeias ten o sal do humorismo que a presadas ofreceunos o Lamas Carvallal; do país que dou o «Teatro Critico» e as «Cartas Eruditas», os «Aires da miña terra» i-a escola d'eruditos que ten por patriano venerabel a D. Marcelo Macías e por membros esgrevios ô Risco, ô Cuevillas, ô Lousada Dieguez, ô Montes, ô Eladio Rodríguez, ô Primitivo Sanxurxo, ô Noguerol, ô Basilio Alvarez, ô Paz Nóvoa, ô Fernández Alonso, ô Xavier Prado, ô Aydillo e tantos mais que nos fan proclamar que n'Ourense eisiste un xa tradicional e perene formento de cultura que abundaría, a non termos outros, para levar coma o imperativo da raza ordena, o pan cotiano do noso galeguismo trascendente.

O director do Instituto d'Ourense é un dos intelectuaes galegos mais prestixiosos. Ninguén coma él fixo ensaios unanimistas da vida galega no século XIX. Ninguén coma il profundou na ialma da aldeia, que dos seus traballos xurde c'o xurdio recendo do que parez inédito sendo eterno e tan vello com'o mundo. Ninguén hastra él fixera estudos de xeografía da nosa terra ô xeito mais centífico e moderno. Ninguén trouxo unha erudición mais vasta e mais sutil—mixture de cousas antergas e novisimas—as letradas galegas. El si que é dos que coñecen á Galicia como se ten de se coñecere: non somentes pol-o que din os libros, senon pol-o que expresa a terra. A Compostela foi en peregrinaxe senti-

mental e cultural, camiñando á pé, paseniño, paseniño, tripano atallos e atravesando serras e vales, dend'Ourense. E á pé, tamén, foi dend'a cibdade das Burgas, hastra San Andrés de Teixido. Asin rindeu homenaxe orixinal ós dous nosos santuarios mais soados: ó que ten visto axoennlarse reis, príncipes, santos e poetas, nas suas naves groriosas que rubrica o botafumeiro co'as volutas do fume, e ó que foi e sigue sendo consolo de rústicos, monumento de fé inxenua, n'un recuncho irto e bravo do tenebroso cabo Ortegal, a onde terán d'iren de mortos cantos non foron de vivos e onde puxo tamén os seus pes antano outro ourensan ilustre, o inequesciente P. Sarmento.

Xa sabedes todos quen é o noso Otero Pedrayo, este home todo corazón e todo intelixencia e sabiduría. Agora vai falarvos. Pro, enantes, permitídemme que en nome da Universidade Popular e en nome de todol-os cruñeses cultos e fidalgos lle tribute un saúdo agarimoso e lle diga que na Cruña ningún galego é forasteiro. E menos ainda si naceu na terra de Curros, na terra d'este poeta ourensán tan representativo do século XIX, tan liberal, tan rebelde, tan barudo que tivo que pórle unha corda torva á sua lira á xeito de ballesta, para chantar fortemente nas entrañas da reacción as frechas das suas triadas, punzantes como cóbregas e rachadoras como puñales. ¡Aquelas triadas que ond'había virtú bicaban e ond'había vicio ferían! ¡Aquelas triadas que coidamos son o prisma mais axeitado para estudar as coores do espectro da ideoloxía galega do oitocentesimo romántico, tan parello en Curros e en Guerra Xunqueiro. E pensando en Curros e nos que sentimos com'a Curros eu digo: ¡Ai do que leva na frente unha estrela, ai do que leva no bico un cantar!»

Villar Ponte foi longamente apraudido ao finar a lectura das suas cuartillas e seguidamente érguese Otero Pedrayo que é recibido con unha querendosa e unánime ovación.

Resulta fondamente dóroso que a conferencia de Otero non fora recollida taquigráficamente pois ainda tendo nós datos d'abondo non podemos recoller aquelas ouservacións, que o mesmo que nos seus escritos o conferenciante foi espallando no curso da

sua formidabre disertación. Esas ouservacións e suxerencias do momento que pol-a fonda filosofía e beleza que encerran dan aos traballos de Otero Pedrayo un matiz inimitable verdadeiramente cautivador e intresante. A conferencia estivo peneirada d'estos apartes que lamentamos profundamente non poder dar n-ista referencia. Témonos que limitar a dar en síntesis o dito pol-o ilustre e querido irmán.

Comenza lembrando os seus anos de neno, dos 15 aos 16, en que comenzou a iniciarse n'él o intrés pol-a lectura dos poetas galegos decindo como lembraba os seus paseos cotidianos pol-as rúas de Ourense falando e intresándose pol-o conosecemento dos nosos poetas. Dí que a primeira vegada que veu á Curros foi n'unha botica ourensan, onde se reunían, como era costume n'aquel tempo, os políticos da localidade para falar de todo. Un home de barba moura, ollar de apóstol, lentes estilo Zola e presenza romántica, era Curros.

Dí que para falar do poeta é necesario de-terse á examinar o que era a política e a provincia nos fins do derradeiro século.

Con tal motivo deleita ao auditorio con unhas verbas ateigadas de conceptos preciosos encol do verdadeiro significado da provincia decindo que é unha denominación arbitraria e imposta pois a verdadeira entidade galega con personalidade propia e ben definida é a parroquia.

Entona un canto maxistral á vida poética, serena e doce do agro galego tendo frases de grandiosa beleza dinas da lira d'un consumado poeta. Fala da vida axitada do século XIX, que tan ben soupo pintar en diversos artigos que andan por varios xornás galegos, e dí que aquela vida preparou as grandes transformacións que hoxe verificanse no mundo.

Compara a Curros con Victor Hugo e dí que era un verdadeiro apóstol laico cúa lira cantou e defendeu sempre a liberdade humán e por ende a liberdade de Galicia que él vía agrilloada por griloiro administrativo e político impostos dende fora. Dí que Curros era un poeta romántico que viviu o seu tempo de predominio d'aquel sentimento literario. Ao falar do romantismo demostra unha

erudición formidabre falando de escritores extranxeiros que se distinguen por ese matiz e di que o creador do romantismo non foi Rousseau como se di, se non un poeta escocés que foi o primeiro que empregou esa verba n'unha poesía cantando as estacións do ano.

Curros sentiu o romantismo, un romantismo de ampra liberdade e amor á humanidade aparelado con un subríme amor á súa terra.

Di que na literatura non hai a época clásica, na aceición vulgar da verba. A nosa época clásica comenza na Edade Media cos nosos tróveiros. Ao falar da Edade Media pinta o significado de Galicia no mundo co-a aparición do Apostol Sant-Iago e a importancia e releve que Galicia tivo n'aquel tempo, a segunda Roma, visitada e admirada por todos os pobos do mundo de entón.

Lembra o cariño que o pobo galego sinte por Curros e fai resaltar como no agro galego ninguén desconoce e todo o mundo leva nos beizos constantemente algunhas poesías de Curros como «O Gaiteiro de Penalta» e outras. A poesía de Curros ten unha persoalidade propia que a distingue dos demais poetas galegos.

Fala tamén de Rosalía, Pondal, Lamas Carvallal e outros poetas estudando atinadamente a persoalidade de cada ún e di que ao seu xuício o poeta eterno de Galicia, o poeta, o bardo que soupo interpretar mais fidelmente as arelas de Galicia e a súa característica racial foi Pondal, detense un momento para falar do bardo e da Galicia forte, e brava que pintou nos seus versos decindo que esa é a verdadeira Galicia, a Galicia celta.

Cita varias poesías de Curros estudando o significado de cada unha destas e remata lembrando que Curros quería tanto á Cruña como á Ourense como o demostrou n'aquel canto á cidade herculina que ó homenaxeou en vida e recolleuno cando morto. Deu as gracias pol-a atención grande que o auditorio adicoulle e remata a súa interesantísima disertación.

O público que axiña decatouse da categoría intelectual do conferencianie e verdadeiramente entusiasmado pol-a súa notabilísima

disertación premiouno con prolongados aprausos de cariño e admiración.

Temos de repetir o noso pesar por non poder facer mais que expresar, nesta reseña, os conceptos vertidos por Otero Pedrayo.

Fáltalles algo que constituíe quizais o mais importante que é o ropaxe de verbas e suxeñencias, a expresión enmeigadora que Otero da ás súas conversas refrexadas tamén nos seus escritos. Nós como cantos tiveron a dito de escoital-o tivemos verbas de admiración para o gran escritor e pensador que na Cruña deixou un lumioso ronsel de simpatía e admiración.



Na noite do mesmo día un bón fato de irmáns e intelectuás cruñeses cenaron con Otero reinando no xantar un cordial ambiente de compenetración espiritual falándose longamente de arte, literatura e galeguismo voltando novamente Otero Pedrayo a entusiasmarnos co'a súa verba galega e extraordinariamente culta.

=====

SI VOSTEDE PRECISA ARRANXAR ALGÚN DOS DOCUMENTOS OU ASUNTOS QUE SE CITAN A CONTINUACIÓN:

Certificado de penales.
id. de últimas voluntades.
id. de nacemento ou defunción.
id. de casamento.
Os mesmos legalizados.
Legalización en Estado.
id. en Gracia e Xusticia.
Edictos na Gaceta, con recibo.
Gaceta atrasada (non do día).
Exhorto cumplimentado.
Expedientes para destino civil.
Traducción en Inglés, Francés e Alemán.
Xestión nos Ministerios e Consulados e en calqueira oficina particular.
Cobro de créditos.
Instancias, Títulos e Matriculas.
Expedientes para cobrar pensión en clases pasivas.
id. de beneficios a país de mais de 7 fillos.
Documentos con instancia para oposicións a carreiras do Estado.
Trocamos o seu carnet de auto por outro novo ou cambio de dono anque esté expedido n-outra provincia.
Obtemos o duplicado do Certificado de Aduanas por extravío do orixinal.

Os recibirá dentro da maior brevedade dirixíndose a

BENIGNO SUÁREZ MIRAMONTES
Primera travesía da Torre e Atocha, letra L, baixo
Axencia do Gestor Administrativo «Jofré»
de Madrid

Centro informativo matriculado

Informes gratuitos

Todos estes asuntos xestionáanse o mesmo en Madrid que nos demais pobos de España.

C O U S A S

Vicente Risco volta no número derradeiro encol d'un tema moi intresante, nazonalismo e internazonalismo que xa fai tempo tamén eu intentara tocar sin tel-o logrado e non pol-a miña causa. Risco apunta ideas e observacións que xa a min entón se me ocurriran e como se trata d'un asunto nó que ao meu xuício é necesario insistir moito para termar das trabucacións que do mesmo estanse derivando e dos efectos que isas trabucacións poidan producir nos lectores galegos imos intentar unha nova aportación de argumentos.

Efeitivamente non hai incompatibilidade entre nacionalismo e internacionalismo e compre moito insistir no tema. Porque hoxe hai en loita dúas crás de nacionalismos. O nacionalismo que podemos calificar como grande que sustentan algúns Estados e o nacionalismo pequeno que manteñen as naciós, fixédevos ben, naciós que non e o mesmo que Estados. Este nacionalismo é de liberación, de liberdade das nacionalidades que viven baixo a tutela ou escravitude de Estados mais poderosos constituídos por diversas naciós.

O outro nacionalismo é imperialista de agriloamento de pobos con alma, necesidades e vida particular. Este nacionalismo é o pernicioso, o perigoso para a confraternidade universal. Este nacionalismo é o que teñen que combatir os partidarios do internacionalismo como xa o combaten os partidarios e apóstoles do verdadeiro nacionalismo reivindicador de pobos.

E encol de todo compre evitar a confusión e non arrastrar ao verdadeiro nacionalismo no concepto depresivo que esa verba merece aos internacionalistas. Compre deixar sentada a diferenza entre un e outro nacionalismo.

Porque non é o mesmo o nacionalismo italián que manifesta Mussolini, o nacionalismo dos imperialistas alemás hoxe na oposición, o nacionalismo inglés, e o nacionalismo de todol-os Estados, encol de todo nos que a forma de goberno actual é dictatorial, que o nacionalismo irlandés, exípcio, indio,

polaco antes da guerra, e outros que todos noscemos.

Estes nacionalismos arelan conquistar a liberdade dos seus pobos respetando a liberdade dos demais, a liberdade xeneral e particular sin cuia base non pode pensarse en confraternidade e paz universal. Porque non pode haber paz onde hai opresores e oprimidos.

Ainda agora mesmo o Estado soviético ruso, a encarnación política de internacionalismo, vese obrigado a reconocer a necesidade da liberación nacionalista verdadeira e constituíense en Estado federal. Este é o verdadeiro camiño e intresa enormemente deixar perfectamente definido o verdadeiro mérito e o verdadeiro significado do problema nacionalista en relación co internacionalismo, os dous problemas vivos que preocupan actualmente á Humanidade.

VICTOR CASAS

A unificación do idioma

Xohan de Loira concédenos o honore de nos desñar para encargármonos de orgaizar a asamblea para ir á unificación do idioma.

Imos ampriar a nosa opinión despois do que xa dixemos no derradeiro número. O que se pretende é unha labor casi exclusivamente de filólogos. N'unha asamblea é bastante difícil chegar a un definitivo acordo cando d'un asunto tan intrincado se trata que necesita d'un estudo previo moi concenzudo.

Bon é xa que pensemos no asunto e que as opinións formuladas coincidan en principio. O tempo non se perdeu en falar do problema e bastante adiantouse. Falla agora avivar o mais axiña que se poida a facer algo praitico. Para eso ocurrérenos que o millor sería que a Academia, o Seminario de Estudos Galegos, a revista NÓS e A NOSA TERRA desñaran unha ponencia de un número prudencial de membros e que ista ponencia estudara o asunto, preparara o camiño e despois con unhas regras ou unha norma ben estudada convocara á asamblea ou si parece millor que lle dixera o camiño a seguir e

acetal-o e cumprilo todos respetuosamente. Con todo o respecto e autoridade que merescerían os membros desafiados.

Parécenos que de momento é o único e casi o millor que podemos facer na seguranza de que é mais fácil chegar a darlle forma tendo por descontado que con respecto ao porvir xa teríamos dado un bon paso que se cadra daríanos a solución definitiva e o conquerimento da unificación desexada.

Así pensamos nós contestando ao honore que nos fai Xohan de Loira.

NO PORTO

Unha conferencia encol de Curros Enríquez

Na «Casa de Hespaña» do Porto pronunciou unha fermosa conferencia encol de Curros o distinto escritor portugués Raúl de Caldevilla. Conferencia que foi gabadamente comentada pol-os xornás do pobo portugués e por quenes asistiron ao aito.

Con verbas e conceitos axeitados estudou a persoalidade do noso poeta, de Galicia e da nosa literatura demostrando a través da súa disertación un fondo coñecemento do tema elexido. Mencionou tamén á Rosalía Cabanillas, López Abente, Lamas Carvallal e outros escritores e poetas galegos. Recitou e comentou varios anacos de poesías de Curros como «A virxe do Cristal» «Mirando ao chán», «Tempro deserto», «Nouturnio» e outros. Tivo verbas cantando a beleza de Galicia presentándoa como pobo irmán ao seu con persoalidade propia e definida *no sentimento* da saudade.

Somentes atopamos que na conferencia o señor Caldevilla chámalle dialecto ao idioma galego erro que nos parece indisculpable pois él, como todo o mundo, sabé que o galego é un idioma tan idioma como o portugués e o castelán que nasceron xuntos e con verbas de orixe anterior á introducción do latín, pai dos idiomas peninsulares, na península. O señor Caldevilla caeu no erro promulgado pol-a hexemonía castelán e temos a seguranza de que si lée estas verbas pensara como nós pensamos que ao fin é a

verdadeira realidade diga quen diga o contrario.

Como ollarán os lectores o señor Caldevilla fixo co-a súa notable conferencia un siñilado servizo á nosa literatura e a Galicia, servizo que pol-a nosa parte agradecerémoslle moi fondamente, unha demostración mais do desexo que xa de vello existe de aproximación espiritual entre os literatos portugueses e nós que temos de continuar fervorosamente endereitándoo por camiños firmes e proveitosos.

Según nos comunica un irmán noso residente en Porto, entre a colonia galega d'aló pénsase en orgaizar varios aitos semellantes ao celebrado.

Alédanos a noticia e desexámoslle moito entusiasmo e patriotismo para leval-a cousa a realidade.

FOLLAS NOVAS

TRÍPTICO TEATRAL DE ANTÓN VILLAR PONTE, Edición NÓS, 1928.

A Editorial NÓS, que merece unha vegada mais que lle rindamos un fervoroso testimonio de gratitude pol-a inmensa laboura patriótica que ven realizando, acaba de publicar tres obras teatrás de Antón Villar Ponte formando un valioso e intresante libro.

«A patria do labrego» drama inspirado na traxedia galega do caciquismo escrito pol-o seu autor nos anos mozos, ateigado de rebeldía e de cobiza de emancipación do noso sofrido agro. «Almas mortas» drama que pinta outra sanguía galega. A emigración. Obra na que Villar Ponte presenta con toda crudeza o mal emigratorio e suas consecuencias dictando saudabres normas para atallalo e milloralo, e «Entre dous abismos» comedia de psicoloxía supersticiosa, mais moderna e mais axeitada ao gusto actual que as anteriores.

Son estas as tres obras que compoñen o

libro. En todas e cada unha Villar Ponte soupo manifestar dentro do carater tan oposto que as inspiran o seu peculiar estilo de escritor de reconoscida valía. As tres ben tramadas e ben escritas como corresponde a quen como Villar Ponte ten xa un nome consagrado nas nosas letras.

Un libro ateigado de fondo intrínseco e intrínseco valimento que terá de acadar un gran éxito de crítica e venda. Tres obras moi dinas de ver con frecuencia nos escaerios e que os cadros de decramación deben acoller con cariño amostrándollas ao público polo mesmo que xa en si representa a fomentación do noso teatro e ademais polo-a necesaria divulgación das ensinanzas patrióticas que as obras encerran.

Un libro dos mais intresantes de cantos van publicados n'estes derradeiros tempos de prena aitividade imprentadora.

NÓS meresce aprauso entusiasta por poñer de actualidade e amosstrar ao público as tres obras e Villar Ponte calurosa gabanza por tel-os escrito inspirado n'un sinceiro e ben sentido patriotismo, n'ese sano patriotismo que campa en toda a súa formidabre obra literaria e galeguista.

Encol d'unha protesta

Nunca mais atinada que agora a protesta de «Xan de Loira». En efeuto; si algunha entidade hai hoxe autorizada pra leval-a batuta en todol-os asuntos galeguistas, isa ten que ser forzosamente a «Irmandade da Fala». Non é unha obriga; é distinción honorífica que todo «bó e xeneroso» lle debe tributar ós irmáns a quenes todo lles debe: rexurdimento e sostenemento. Por íles hai galeguismo; porque mercede a eles houbo sempre e hai hoxe, aitividade galeguista, inquietude espiritual, n'unha verba: Galiza: unha Galiza azul e branca. Farto demostrado teñen a súa capacidade diretriz. Está ben, pois, a proposta de «Xan de Loira»: íles deben ser os que leven a iniciativa na custión lingüística si hemos de chegar a un fin por todos cobizado.

Craro é, que ista é unha custión que non deba percisar de iniciadores. ¿Non hai

unha entidade que leva o rebumbante nome de «Real Academia Gallega»? ¿Qué fai? ¿Que fixo? Non o sei, nin coído que haxa quen-o seipa. ¿Pra que serve sinón é pra coidar o idioma que lle da o nome? A min dame a impresión, dórosa impresión, de estar integrada casi toda ela por amezúas ou tamari-canos, salvo rarísimas esceciós. Conste que me refiro única i-escrusivamente á labor académica, e dentro d'ela ó que o idioma atañe.

A Galiza d'hoxe, señores académicos, pretórica de vibraciós espirituais, eisixe que vostedes se poñan, polo menos, en consonancia co ela dende os sillós respeitivos, encima dos cales, debía estar grabado iste vello refrán: «Ou ferrar, ou deixal-o banco».

LEUTER G. SALGADO

O FORMOSO CAZADOR

—*Ai, miña nai, qué feimoso era o cazador que vín!*

—*Onde o viches, miña filla?*

—*Na congostra de San Fiz. Cando eu tornaba do muiño, pasou mesmo arrente min.*

—*¿E falouche?*

—*Si, señora.*

—*¡Comenzo á tremer por tí!*

—*Díxome qu'alo na vila tiña riquezas sin fin, un pazo, moitos criados e automobles, e qu'allí, con tal de qu'eu o quixera, podería ser feliz, dispoño de todo aquilo.*

—*¿E díxéchelle que sí?*

—*Quedei de lle responder, pois queriallo decir endeuantes á vostede.*

—*Ende ben que foi así.*

—*¿E logo?*

—*Fai uns vint'anos, na congostra de San Fiz, tamén eu d'un cazador escuítai verbas astú...*

—*¡Miña nai morreu de pena, y-en troques, naciches tí!*

• AVELINO RODRÍGUEZ ELÍAS

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Os días 7, 8 e 9 dos correntes reuniránse en Pontevedra esta benemérita institución patriótica na IV xuntanza xeneral. Asistirán moitos socios de toda Galicia e trataránse diversos temas culturás de fonda importancia.

Pronunciarán conferencias os señores Cabeza de León, Otero Pedrayo, Cotarelo, Alvarez Limeses, Lousada Diéguez, Filgueira Valverde, González García, Risco, Cuevilas e Carro.

As diversas seicións que compoñen o Seminario estudarán temas encol da cultura galega, prehistoria, arte, etnografía e ciencias. Falaráse tamén das dúas custións importantes que están de actualidade. O Congreso municipalista e a unificación ortográfica.

Como se deixa ver, a xuntanza vai ser sumamente intresante e de fecundos resultados para o galeguismo e a cultura galega.

Pol-a nosa parte non precisamos dicir con canto entusiasmo nos aderimos á xuntanza do Seminario cuia importante e patriótica laboura seguimos arreo con fondo intrés e atención.

NA CRUÑA

Homenaxe aos mortos

O mesmo que todol-os anos celebróuse na Cruña o domingo 11 o aito de depositar frores nas campas dos galegos ilustres que repousan no cemiterio cruñés. Foi un aito sentido e sobrio ao que concurríu moito público e representacións de todol-as entidades e sociedades cruñesas.

Falaron no aito o segredario do Circo de Artesanos señor Panisse, Ramón Otero Pedrayo e o representante do municipio señor Valenciano.

Todos falaron da obra galeguista dos mortos e do significado do aito e Otero Pedrayo improvisou un discurso maravilloso de exposición e conceptos cantando a labor dos galegos homenaxeados falando tamén do

papel importante que a Galicia lle corresponde na actual civilización como pobo eminentemente atlántico a quen lle augura un grandioso porvir si todol-os galegos inspíranse no moimento renovador e patriótico que na Galicia atualmente frorece.

Falou en nome da Irmandade cruñesa, da revista NÓS e do concello de Celanova pobo natal de Curros Enríquez. O seu discurso breve e sentido e maravilloso de forma causou grande impresión merecendo calurosas gabanzas.

Así cumpríu a Cruña a súa ofrenda anual aos chorados galegos que honran a nosa historia e traballaron pol-o noso progreso espiritual e material.

Temos que facer presente a nosa lamentación porque os demais pobos de Galicia non se teñan decidido á celebrar tamén iste homenaxe anual a outros galegos que repousan nos seus cemiterios. Este ano tampouco Vigo rendiu o homenaxe á Curros como o fixera os anos derradeiros. Dobremente lamentable.

NON OS POÑAMOS EN RIDÍCOLO

AMIGOS DE PLATÓN, PRO MAIS AMIGOS DA VERDADE

Fai poucos anos tencionouse pol-os amigos d'un político galego nomear á este fillo predileito de Galicia. Nós opuxemonos rexamente con razóns de moito peso. Dixemos d'aquela que na nosa terra había que reservalo para un home escepcional. E hoxe, que algúns tencionan que se lle dea o mesmo tídoo a outro galego, de moitos merecimentos, mais non de merecimentos xeniaes, temos tamén que facer reflexiós asisadas.

Do subprime ó ridículo non vai o canto d'unha unlla. E, pol-o mesmo, compre andar con pés de chumbo. A nosa terra ten moitos

fillos predileutos, pr'o ningún ata agora «oficialmente» predileuto. Que seipamos tampouco o ten ningunha outra rexión da Hespaña, nin a Hespaña, conxunto de rexións.

Hai fillos predileutos d'esta e aquela cidade e vila. Moitos dinos de o seren, e moitos non tan dinos de semellante honor. Contra elo non temos xa que facer. Pro o outro é mais serio. Si non se lles deu o tídeo «oficial» de fillos predileutos de Galicia nin a Rosalía nin a Murguía, nin a Conceición Arenal, nin a outros mais dos nosos ilustres contemporáneos, ¿cómo pensar en darllo a ninguén dos nados na nosa terra e que hoxe viven aínda?

Homes insines houbo e hai na Cataluña. E a ningún fixérono os cataláns fillo predileuto da súa terra, en senso oficial. Nin a Guimerá onte, nin a Cambó hoxe. E si Cataluña non lle concede tal honor a Cambó, un dos homes políticos mais grandes da Hespaña, xurista eminente, economista xurdio, literato correito, orador notabre, patriano exemplar e mecenas escepcional, ¿cómo nós hémoslle conceder a ningún galego dos vivintes, si antre eles nin un soio posee o outo releve de Cambó?

Non cometamos, pois, pecado de lixeiriza; non botemos sobre da nosa terra unha sombra de ridícolez. Respetando e acariñando os valores galegos, no que eles teñan de meritorio, non vaíamos a caricaturizalos c'unha inflación tartarinesca, tan pouco axeitada á nosa natureza.

Lede istas liñas sereamente. N'elas latexa o bõ senso patriótico. Non van contra ninguén nin tencionan rebaixar a ninguén. Arelan tan só, salvaren á Galicia d'un novo ridícolo ò que algúns, co'a millor das intencións, queren levala. Este boletín que nunca se torceu, que nunca se puxo ò servicio dos fulanismos e que é o espello mais fidel do sentir dos «bós e xenerosos», coidamos que, unha vegada mais, interpreta o desexo de cantos galegos pensan de seu, por conta propia.

E doeríanos ter que falar novamente do asunto.

UNHA CARTA

Recibimol-a do Sr. Martínez Vargas cadeirático da Universidade de Barcelona que como saben os nosos lectores promoveu un fondo disgusto entre os galegos da América do Sul con unhas verbas ditas n'unha das conferencias que derradeiramente pronunciou na Aixentina. Verbas que deron motivo a un artigo publicado en A NOSA TERRA polo señor Víctor M. Balboa.

O señor Martínez Vargas comunicáanos con todo respecto que o seu ánimo estaba moi lonxe de aldraxar á Galicia e òs galegos en quenes reconosce outos méritos pol-as suas xestas groriosas e pol-os seus fillos eminentes.

Sin ningun incomenente, e pol-o contrario con moito gusto, facemos mención da carta recibida do señor Martínez Vargas na que fidelmente reconosce o verdadeiro valor da nosa raza como non tiña menos de ser tratándose d'unha intanxibre verdade e d'nu home da cultura e conosecmen'os que lle corresponden ao distinto cadeirático barcelonés.

EVARISTO MARTELO PAUMÁN

Un poeta galego mais que desaparece. Finou na Cruña no mes derradeiro. Na antoloxía dos nosos poetas figura Martelo Paumán con diversos libros publicados xa fai anos nos que se atopan versos de boa inspiración e acendrado patriotismo. Levaba xa anos vivindo unha vida retirada e repousada. Co'a súa morte desaparece un bõn galego, un bõn galeguista e un bõn poeta.

Repouse na paz da terra galega que moito amou e reciban os seus familiares a expresión sinceira da nosa sentida condolencia.

PENEIRANDO

Non'os pareceu ben o que dixo José Otero López, sobre o problema da lingua, na «Vi-

dá Gallega». Iso é falar por non estar calado.

En troques mostrámonos de perfecta conformidade c'ó que escribiu Jesús Bal no «Pueblo Gallego» respecto ó mesmo asunto.

Reflexa n'un todo o noso criterio de sempre.

Despois de que se teña escrito moito na lingua materna será o momento de impór regras ortográficas fixas. Enantes, non.

En ningures se pensou no carro primeiro que nos bois.

E unha lingua que anda a rexurdire non pode deixar de recoller todol-os xiros dialeutaes e total-as aportacións espontáneas para o seu arrequentamento. Só por longa comparanza antr'o mal e o bón se chega ó millor.

Pois a escribiren galego cantos o amen e o demais xa virá por engadega.

Os que falan de disensións e disentimentos n'este e n'outros pleitos fundamentaes do galeguismo, áchanse moi trabucados.

Nunca estivemos todos mais unidos.

Síntomas do Progreso

Fíxose a inauguración do Matadeiro Rural de Porriño. Tenciónase crear n'unha finca do Seminario de Tui unha Escola práctica de Agricultura e de Gandeiría, na que se darán dous cursos d'oito meses cada un, para os que n'ela queiran estudaren—pensionados da Diputación e dos Concellos de Pontevedra e seminaristas—e entrámbal-as cousas parécenos dinas de loubanza.

Son novos síntomas do progreso galego, que proban sin dúbida o perciso que se fai, agora como nunca, atender ós nosos problemas agro-pecuarios.

Si en calquera ocasión coidariamos de grande proveito axuntar un Congreso municipalista rural, despois do que deixamos dito, parécenos que hai obriga d'axuntalo, sempre que o Goberno dea licencia para elo.

A Confederación Rexional Agraria, como xa sabedes, pensa axuntar ese Congreso municipalista coincidindo c'o IV Congreso de seu, si non atopa oustáculos nas outuras, no prósimo vrán.

Ogallá o tencionado chegue á categoría de feito, pois d'aquela terá a nosa terra novas orientacións de política real que é a que precisamos por riba de todo. Indo parellos o rexurdimento da cultura enxebre e o da nosa economía, a Galiza axiña será o que arelamos: Un pobo rico, con pensamento propio.

Imp. NÓS, Real, 36-1.º A CRUÑA

EFFECTOS NAVALES
de
FERRER E COMPAÑÍA - SUCESORES
F. Bertrán e Mirambell

VIGO E A CRUÑA

(CASA FUNDADA EN 1868)

*Artigos xenerás para equipo da Mariña militar
vapores, barcos de vela e pescadores.*

Grandes Almacenes de Tecidos

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIONS

INMENSO SURTIDO EN PANOS DA REXIÓN E EX-
TRANXEIROS CONFECIÓNANSE TODA CRAS DE
PRENDAS PARA MULLERES, HOMES E NENOS

San Andrés, 41 e 43 -- Teléfono 256

A CRUÑA

FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

FERRETEIRÍA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINAS, PEDRAS FRANCESAS PARA MUIÑOS ETC. ETC.

